



INCREMENTO da pensión de VIUVEZ

do 52 % ata o 60 % da base reguladora

Unha mellora aprobada na **Reforma de pensións de 2011**, a última reforma negociada no marco do Pacto de Toledo cuxa entrada en vigor levaba suspendida máis de seis anos.

INCREMENTO da pensión

A porcentaxe da base reguladora coa que se calculan estas pensións incrementárase desde o 52 % da base reguladora ata

- o 56 % con efectos desde o 1 de agosto de 2018
- o 60 % con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019

* O incremento non é consolidable e está suxeito ao cumprimento efectivo de todos os requisitos, de xeito que se se deixa de cumprir algún deles, a contía da pensión volve calcularse coa referencia do 52 %.

** O incremento pode verse absorbido total ou parcialmente nos casos de pensións con complementos a mínimos (pensións de 656,90 €/mes no 2018)

REQUISITOS esixidos para acceder ao incremento

- a) Ter cumprida a idade de 65 ou máis anos.
- b) Non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira.
- c) Non percibir ingresos pola realización de traballo, sexa por conta propia ou allea.
- d) Non dispoñer de rendas superiores a 7346,99 €/ano en 2018 (incluídas as de capital mobiliario ou inmobiliario, ganancias patrimoniais ou rendas de actividades económicas).

PROCEDIMENTO para a aplicación do incremento

- Revisión de oficio por parte do INSS para todas as pensións de viuvez recoñecidas antes do 1 de agosto de 2018.
- Recoñecemento de oficio por parte do INSS para todas as pensións de viuvez recoñecidas desde o 1 de agosto 2018 cando na solicitude se acredite o cumprimento de requisitos.
- Revisión por solicitude da persoa interesada no caso de pensionistas residentes no estranxeiro, con pensións recoñecidas por normas internacionais, ou no resto de situacións distintas das primeiras nas que se cumpran os requisitos.